

LIMPEZA DE PARCELAS E XESTIÓN DAS FRANXAS DE PROTECCIÓN

Para dar cumprimento á **Lei 3/2007 de 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais** da Xunta de Galicia, as persoas ou entidades propietarias de parcelas deben mantelas limpas e xestionar correctamente a biomasa das franxas de protección antes do día 31 de maio do 2022:

- **As parcelas lindantes con solo de núcleo rural ou urbano, solo urbanizable, edificacións ou vivendas illadas, gasoleneiras, parques e instalacións industriais deben manter limpa unha franxa de 50 metros.**

Nesta franxa de 50 metros non poderá haber especies pirófilas (piñeiros, eucaliptos, acacias, mimosas, etc.) e as árbores frondosas caducifolias (castiñeiros, carballos, freixos, etc.) deberán separarse 7 metros entre si, medidas de pé a pé.

Estas parcelas tamén deberán manter unha franxa de 15 metros na que tampouco poderá haber ningunha especie frondosa caducifolia.

- **As parcelas que estremen con estradas e vías non poderán ter nunha franxa de 10 metros especies pirófilas e nunha franxa de 4 metros especies frondosas caducifolias.**
- **Todas as parcelas deberán estar limpas de maleza (silvas, toxos, fentos, etc.), incluíndo aquelas parcelas que se atopen dentro de núcleo rural, urbano ou urbanizable.**

De non se cumprir estas medidas contempladas na Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia da Xunta de Galicia, a partir do 1 de xuño do 2022 a administración poderá impor sancións coercitivas ou abrir un expediente sancionador e executar subsidiariamente os traballos repercutíndolle o custo ás persoas ou entidades propietarias das parcelas.



O Alcalde,

Concello de Barro